

Webinar

“O Teletraballo en tempos de COVID-19: Implantación e xestión”

| | |
|-----------------------|--|
| RELATOR | José Ortuño Vilurbina (G-1965) |
| ORGANIZA | Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Confederación de Empresarios de A Coruña. |
| COORDINACIÓN | Carlos Montes Piñeiro (G-3367) |
| DURACIÓN | 1:30 horas |
| DATA E HORARIO | Martes, 9 de xuño de 2020 De 18:00 h a 19:30 h |
| MODALIDADE | Webinar (seminario online) a través da Plataforma ZOOM |
| PRAZAS | 500 |
| PREZO | Gratuíto |
| DIRIXIDO A | <ul style="list-style-type: none">• Psicológos/as colexiados/as.• Psicológos/as non colexiados/as ou desempregados/as.• Persoal administrativo do COPG.• Outras persoas que teñan interese. |

INSCRIPCIÓN Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, das inscricións realizadas a través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal).

A xornada terá un mínimo de asistentes e terán preferencia as psicólogas e psicólogos asociados á Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e o equipo administrativo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de inscricións suficiente.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Último día de inscrición: 5 de xuño de 2020.



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Webinar

“O Teletraballo en tempos de COVID-19: Implantación e xestión”

PRESENTACIÓN

Unha das repercusións laborais máis visibles da COVID-19 foi a intensificación do teletraballo como modalidade de emprego; unha forma urxente de compatibilizar a prestación de servizos e a relación laboral coa protección fronte á pandemia. Pero aplicalo non é intuitivo nin doado. De feito, a súa incorporación de forma sobrevida e sen preparación previa impide que, de momento, moitas organizacións logren niveis axeitados de eficacia, eficiencia e produtividade. Máis alá das circunstancias excepcionais que vivimos actualmente, un teletraballo eficaz require a reorganización e adaptación de sistemas e procesos de traballo e un esforzo de aprendizaxe por parte das persoas traballadoras menos familiarizados con esa práctica.

Ante este escenario complexo e cambiante, a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña, organiza un seminario web onde, a partir da experiencia de diferentes organizacións que levan xa anos de implantación do teletraballo, explicaranse as súas principais vantaxes e dificultades, suxeriranse pautas para a súa correcta xestión, e ofreceranse algúns exemplos e pequenos trucos para aproveitar todo o seu potencial produtivo.

OBXECTIVOS

- Analizar as diferenzas entre o traballo convencional e o teletraballo.
- Establecer as vantaxes e inconvenientes do teletraballo.
- Identificar as modalidades e ferramentas requiridas para teletraballar de forma eficaz.

METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento do curso empregárase un formato de Seminario web ou webinar. Ao remate da intervención terá lugar un foro de debate virtual no que as persoas rexistradas como público poderán formular as preguntas que estimen oportuno.

CONTIDOS

1. Nocións e conceptos básicos: Extensión e sentido do teletraballo.
2. As cuestións necesarias para implantalo: Cando, Onde, para Quen.
3. Cambios na organización: Comunicación, xestión do equipo, avaliación da persoa teletraballadora
4. Cuestións prácticas: O FAQ do teletraballo.

DOCENTE

José Ortuño Vilurbina, psicólogo colexiado G-1965. Asesor de Desenvolvemento e Aprendizaxe.